

NOVAS RESTAURACIÓNS: SATYAJIT RAY

BUSTER KEATON

UN IMPULSO COLECTIVO

FREAKEMACINE

DESENCADRES: STAN BRAKHAGE, MIKE HOOLBOOM (CURTOCIRCUÍTO)

FÓRA DE SERIE

OFF GALICIA

CGAI JÚNIOR

XUNTA DE GALICIA

NOVAS RESTAURACIÓNS: SATYAJIT RAY

Coa súa obra impregnada de humanismo poético e sutileza, ao que vai unir a súa condición de figura abso-lutamente independente, o cineasta indio Satyajit Ray (1921-1992) posúe unha extensa e prestixiosa traxecto-ria cinematográfica. Oscar especial en 1992, este nativo de Calcuta foi un sensible analista da súa sociedade, un sabio coñecedor das complexidades dun lugar como a India, simultaneamente inmenso e poliédrico. Forxado na parte bengalí, Satyajit Ray aparece como dono dunha filmografía nada compracente, autor de relatos capaces de establecer antes dardos e pesquisas estruturais –as institucións e os axentes sociais- que individuais.

Logo de dous ciclos anteriores dedicados a el no CGAI, nesta ocasión e seguíndomos a proposta do selo videográfico *Intermedio*, proxectamos seis filmes que veñen de ser res-turados, situados nas décadas dos anos 60/70. A maxistral *Charulata* (1964), Oso de Prata en Berlín 1965, é un dos varios achegamentos á literatura do escritor Rabindranath Tagore, un apaixonante retrato feminino. A familia como microcosmos represivo aparece en *La gran ciudad* (1963), filme irmán de Ozu. *El héroe* (1966) amosa a masculinidade con profundidade e capacidade de análise. O díptico sobre os polos da condición humana, *El cobarde* (1965) e *El santo* (1965), inicialmente un único título, acrecenta a sensación de Ray como autor de obra tendente a unha robusta unidade, un conxunto de pezas que riman entre si onde fresco social, enxeño e mordacidade constrúen a base de todas as louvan-zas recibidas. Completa a retrospectiva un intelixente diver-timento, *El dios elefante* (1979), convivencia de aventuras e compoñentes detectivescos, un cóctel mesmo herdeiro de fontes occidentais, como Tintín ou Sherlock Holmes.

BUSTER KEATON

Instalado no imaxinario colectivo nun tempo moi concreto, a lendaria figura de Buster Keaton (1895-1966), efectiva-mente, si parece ter un antes e un despois. O lanzamento de novas copias en alta definición dixital 2K permite revisar o período máis frutífero da traxectoria profe-sional deste creador estadounidense, aquelas comedias protagonizadas e elaboradas en boa medida por el durante a década dos anos 20. En plena efervescencia de cómicos, Keaton, aquel fillo de actores de variedades, acrobata e de saberes circenses, sobresaee co seu estilo propio, único, distinto por exemplo dos de Charles Chaplin, Harold Lloyd, Stan Laurel e Oliver Hardy ou Harry Langdon. O home im-pasible, os gags trazados a través de certa lóxica, a lírica do sinxelo e do próximo e mais a fuxida de todo sentimen-talismo establecen unha afortunada confluencia que pro-voxa a avalancha de títulos maxistrais: *Las tres edades*, *La ley de la hospitalidad* ou *El maquinista de la general*.

Logo, problemas persoais, unha profunda crise en 1933, e os cambios traumáticos no cine despois da chegada do sonoro, darían lugar a unha carreira de sobrevivente, que pasaría inmediatamente polas curtas de dúas bobinas ou os gags escritos para os irmáns Marx ou Red Skelton. Sen recuperar o éxito, despois dos pequenos papeis acon-tecería a redención ao teatro e a revitalización grazas á televisión. Estas circunstancias habíannle permitir uns últimos anos cheos de dignidade e un certo e progresivo recoñecemento: un biopic feito en Hollywood en 1957; o Oscar especial concedido en 1960; e ao retrospectivas na Cinémathèque francesa en 1962 e as anos seguintes na Mostra de Venecia ou o protagonismo dramático na curtametraxe do escritor Samuel Beckett *Film* (1965).

UN IMPULSO COLECTIVO

Ciclo comisariado por Carlos Losilla onde amosa a frescura e fortaleza de certo *outro cine español*. Malia que moitos dos títulos inicialmente previstos –*VidaExtra*, *Edificio España*, *Árboles* ou *El futuro*-, xa foron proxectados polo CGAI, o importante é que a escolla, finalmente seis filmes, resulta representativa. A escolla inclúe dous títulos vinculados a Galicia, *Une histoire seule* e *El triste olor de la carne*.

CARA UN CINE EN MOVEMENTO

“Todo xorde dun impulso colectivo [...]”. O impulso duns cantos cineastas que, cada un á súa maneira, comezan a facer cine co que atopan máis á man, e tamén a veren que as súas imaxes teñen moito en común por distintas que parezan. Pero, como evolucionou todo iso? De que modo, nun só ano máis ou menos, se chegaron a producir as longametraxes que forman parte deste ciclo? Como

se alcanzou tal explosión de talento e creatividade? E de que maneira aquel “impulso” primeiro puido ampliarse até abarcar practicamente todos os xéneros, todos os estilos, todos os modos de dicir, de se dirixir a un espectador? Pois este cine procura espectadores capaces de dialogar e debater, non cómplices ou reféns. E agora, a partir das primeiras avanzadas, lánzase á súa procura. Despois do primeiro impulso, hai que comezar a se mover.

Digamos que, de *Ilusión*, de Daniel Castro, a *Une histoire seule*, de Aguinaldo Fructuoso e Xurxo Chirro, desprégase un amplo espectro de formas que, á vez, non debuxan límites entre elas, e esa é a primeira característica deste grupo de películas. A primeira é unha comedia esmendrellante e a segunda un achegamento á figura totémica de Jean-Luc Godard a través dunha viaxe inmóbil. Cine de entretemento e cine intelectual? Non existen esas distincións nas propostas que presentamos, pois *Ilusión* tamén é unha metacomedia que fala do xénero mentres que *Une histoi-re seule* é unha road movie vitalista, que sae na procura da realidade. É o que vai de *VidaExtra*, de Ramiro Ledo, a *Uranes*, de Chema García Ibarra, respectivamente un exercicio político-dialéctico e unha fantasía esperpéntica de ciencia ficción a modo de falso documental. Con todo, acaso *VidaExtra* non ten tamén algo de misterioso, de cine de conspiración, mentres *Uranes* desprega unha visión nada compracente do país nas últimas décadas?

Segundo risco importante, pois: todas as películas programadas poderían provir dun sentimento de incomodidade e estrañeza que toma a forma dun desexo, da urxencia de explicar a contorna para que ese espectador ao que se dirixen sexa capaz de velo, como se as novas xeracións se considerasen na obriga de mirar ben aquilo que non se lles explicou e despois compartilo. Trátase dun proceso que se pode ver tanto en *Árboles* como en *El futu-ro*, ambas xurdidas do imaxinario de *Los Hijos*, un colectivo de tres cineastas que se atopan entre os máis veteranos dos exhibidos [...]. En calquera caso, a incomodidade leva ao desexo de atopar razóns para o que está pasando, e tamén para o que nos está pasando, da vida pública á vida privada. [...] Como ese protagonista de *El triste olor de la carne*, de Cristóbal Artega, que percorre a cidade na procura da súa propia supervivencia en medio dunha crise galopante, pero seguido por un único, vertixinoso plano-secuencia: o cine nunca nos abandona. [...]

Nese sentido, se noutro lugar dicía que estoutro cine era un cine de resistencia, e por tanto un cine político, iso haberá de se complementar ao engadirmos a terceira característica que o define: ensina a sobrevivir á súa audiencia convidándonos a ver e a vérmonos, é dicir, a empregarmos o cine como arma de coñecemento. É o que fai Garrell, o personaxe que saca á luz *Sobre la marcha*, de Jordi Morató, algún que resiste a través dos anos cunha cámara na man, construíndo literalmente un mundo propio que se derruba e el volve a erguerse. [...]

Poucas veces vin algo así, un grupo de persoas unidas polo convencemento de que hai que fabricar imaxes do mundo e de nós mesmos coa fin de cambialo e de cambiármonos. Por tanto, velaquí o cuarto e último dos seus riscos, quizais o que descubrimos con maior alegría neste ciclo: este cine muda, este cine móvese sen parar. E ese impulso colectivo co que se iniciou atomízase agora nunha diversidade de impulsos individuais, que non deixan de se miraren entre si mentres continúan camiñando”.

Carlos Losilla, comisario do ciclo. Publicado no especial “Un impulso colectivo: cine español para los nuevos tiempos”. *Coimán* CdC, suplemento nº 4, abril 2016.

Agradecementos: Carlos Losilla, Xurxo Chirro, Belí Martínez.

DESENCADRES: MIKE HOOLBOOM e STAN BRAKHAGE

Grazas a unha proposta de Curtocircuíto, o Festival Inter-nacional de Curtametraxes de Santiago de Compostela, temos a visita de Mike Hoolboom (Ontario, 1959), artista canadense que traballa en celuloide e vídeo. Ten creadas máis de cincuenta obras e, malia que a maioría delas foron retiradas de circulación, queda unha ducia que aínda se poden visualizar. Os seus traballos levan aparecido en máis de catrocentos festivais, nos que recibiu trinta ga-lardóns. Hoolboom foi recoñecido co Premio Tom Berner ao servizo comunitario e con dous premios a toda unha carreira, o primeiro deles concedido pola cidade de Toron-to e o segundo no Mediawave Festival (Hungría).

Presentáronse retrospectivas do seu traballo no Images Fes-tival (Toronto), no Visions du Réel (Suíza), no Cork International Festival (Irlanda), no Cinema De Balie (Amsterdam), no mencio-

nado Mediawave Festival, no Impakt Festival (Holanda) e no Jihlava Documentary Festival (República Checa), entre outros. Alén disto, é membro fundador do colectivo de proxección denominado Pleasure Dome e desempeñou o cargo de director artístico do Images Festival e de coordinador de cinema expe-rimental no Canadian Filmmakers Distribution Centre.

Montadas ao longo de oito anos (1973-1980), as cinco pelí-culas da serie *Sincerity* desenvólvense durante un período que cubriría trinta anos da biografía de Stan Brakhage e a súa familia. Brakhage sérvese de material propio, autén-ticas *home movies*, pero tamén de metraxe filmada por Bruce Baillie, Jane Brakhage, Larry Jordan e Stan Phillips, entre outros. *Sincerity* está concibida en paralelo a outra serie, *Duplicity* (1978-1980), e xunto con outras, como, por exemplo, *Scenes From Under Childhood*, conformarían un xigantesco ciclo autobiográfico, *The Book of Family*.

Agradecementos: Curtocircuíto. Festival Internacional de Curtametraxes de Santiago de Compostela, Pela del Álamo, Mike Hoolboom, Canyon Cinema.

FESTIVAL FREAKEMACINE

En colaboración con Freakemacine. Festival de Sci-fi e Fantástico (A Coruña).

O Freakemacine, certame especializado en ciencia-ficción, terror e fantástico, atinxe a súa sexta edición. Nesta ocasión a súa actividade no CGAI vaise centrar en cinco sesións. Ademais das xa habituais curtametraxes a competición, poderemos ver o filme colectivo inspirado no *grand guig-nol* escénico, *The Theatre Bizarre* (2011), seis historias de terror con Tom Savini entre os directores. Por último, unha ocasión histórica: a celebración do segundo centenario do pasamento no manicomio de Charenton do marqués de Sade (1740-1814), o lendario escritor, pensador e libertino fran-cés reivindicado pola vangarda histórica do século XX. Dúas longametraxes de culto cobren esta homenaxe: *Marquis* (1989) de Henri Xhonneux, filme biográfico de animación sobre o afamado pensador con guión do escritor Roland Topor –vinculado ao cine a través doutros títulos singulares, *El planeta salvaje* ou *El quimérico inquilino-*; *Saló o los 120 días de Sodoma* (1975), o descarnado e derradeiro filme de Pier Paolo Pasolini, inmediatamente asasinado, un retrato do horror do fascismo filmado sen miramentos e inspirado nunha das obras máis coñecidas de Sade.

Agradecementos: Marie Kervyn, Eric Van Beuren, YC Aligator Film, Alberto Ruiz de Samaniego, Luis M. Rosa-les Diz, Víctor Matellano, Alfonso Pato, Fabrice Lambot, Metaluna Productions, David Gregory, Severine Films, Luisa Pena Moreno, Ferrán Herranz.

Programación Ourense

Froito dun convenio asinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e mais a Asociación Cultural Cineclub Padre Feijoo, a programación do CGAI esténdese a Ourense. As proxeccións teñen lugar os luns na Biblioteca Públi-ca Nodal (Concello, 11) ás 20.30 e ás 23.00 horas. Un ciclo sobre a ilustración formado por tres títulos e motivado polo 250 aniversario do pasa-mento de Padre Feijóo, permite proxectar tamén os días 11 e 12 de outubro (lugar e hora por determi-nar) *El siglo de las luces* (1992) de Humberto Solás e *A los que aman* (1998) de Isabel Coixet. Ambas complementan a proxección do 13 de outubro. Máis info: <http://cineclubepf.blogspot.com/es/>

22 de setembro: *Metrópolis* (1926) de Fritz Lang. 153'. Subt. castelán. Entrada de balde (único pase: 20.30 horas).
29 de setembro: *The Unkonwn Known* (2013) de Errol Morris. 105'. Subt. castelán.
6 de outubro: *Edificio España* (2012) de Víctor Moreno. 93'.
13 de outubro: *Història de la meva mort* (2013) de Albert Serra. 148'. Subt. caste-lán (único pase: 20.30 horas).
20 de outubro: *Paraíso: Amor* (2012) de Ulrich Seidl. 122'. Subt. castelán.
27 de outubro: *Paraíso: Fe* (2012) de Ulrich Seidl. 116'. Subt. castelán.

MARTES

setembro
16 18.00 e 20.30 h
Fóra de serie
Un toque de violencia
Jia Zhangke, 2013 130'. DCP.
Subt. castelán.

setembro
23 18.00 e 20.30 h
Buster Keaton
Pasión y boda de Pamplinas (1920) (+Vecinos)
da curta Una semana
89'. DCP. Subt. castelán.

setembro
30 18.00 e 20.30 h
Buster Keaton
La ley de la hospitalidad (1923) (+Vecinos)
88'. DCP. Subt. castelán.

outubro
07 18.00 horas
Un impulso colectivo
Ilusión
Daniel Castro, 2013. 67'. DCP.

20.30 horas
Un impulso colectivo
Une histoire seule
Xurxo Chirro e Aguinaldo Fructuoso, 2013. 87'. Vídeo.
Presentación por Carlos Losilla. Entrada de balde.

outubro
14 18.00 horas
Desencadres: Mike Hoolboom
Public Lighting (2004/2014). 70'. Vídeo HD.
Presentación por Mike Hoolboom. Entrada de balde.

20.30 horas
Mike Hoolboom
Damaged (200-2010) Tom (2002)
60'. Vídeo HD. Presentación de Mike Hoolboom. Entrada de balde.

outubro
21 20.30 horas
Fóra de serie
Vacanza Permanente
(Adolpho Arrietta, 2006)
Cuerpo a cuerpo (Paulino Viota, 1982)
132'. Vídeo.
Adolpho Arrietta e Paulino Viota presentarán os packs en DVD Obras completas (Intermedio) xunto a Manuel Asín. Entrada de balde.

outubro
28 18.00 e 20.30 h
Fóra de serie
El congreso
Ari Folman, 2013. 120'. DCP. Subt. castelán.

MÉRCORES

setembro
17 18.00 e 20.30 h
Satyajit Ray
Lagran ciudad (1963)
131'. DCP. Subt. galego.

setembro
24 18.00 e 20.30 h
Buster Keaton
Las tres edades
(1923) (+El espantapájaros)
98'. DCP. Subt. castelán.

outubro
01 18.00 e 20.30 h
Buster Keaton
El moderno
Sherlock Holmes (1924) (+Pamplinas y los fantasmas)
72'. DCP. Subt. castelán.

outubro
08 18.00 horas
Un impulso colectivo
Uranes
Chema García Ibarra, 2013. 60'. Vídeo.

20.30 horas
Un impulso colectivo
Sobre la marxa
Jordi Morató, 2013. 77'. DCP.

outubro
15 18.30 horas
Un impulso colectivo
Slimane
José A. Alayón, 2013. 67'. DCP.

20.30 horas
Un impulso colectivo
El triste olor de la carne
Cristóbal Arteaga, 2013. 87'. DCP.

outubro
22 18.00 e 20.30 h
Buster Keaton
El colegial (1927) (+El herrero)
97'. DCP. Subt. castelán.

outubro
29 18.00 e 20.30 h
Fóra de serie
Snowpiercer
Bong John-ho, 2013. 126'. DCP. Subt. castelán.

XOVES

setembro
18 18.00 e 20.30 h
Satyajit Ray
Charulata (1964)
117'. DCP. Subt. galego.

setembro
25 18.00 e 20.30 h
Satyajit Ray
El santo (1965)
65'. DCP. Subt. galego.

outubro
02 18.00 e 20.30 h
Buster Keaton
El navegante (1924) (+La cabra)
102'. DCP. Subt. castelán.

outubro
09 18.00 e 20.30 h
Buster Keaton
Las siete ocasiones
(1925) (+El gran espectáculo)
79'. DCP. Subt. castelán.

outubro
16 18.00 e 20.30 h
Buster Keaton
El boxeador (1924) (+Las relaciones con mi mujer)
104'. DCP. Subt. castelán.

outubro
23 18.00 horas
Freakemacine
Festival Curtas (I)
VV.AA., 2013/2014. 90'. Vídeo. Entrada de balde.

20.30 horas
Freakemacine
Marquis
Henri Xhonneux, 1989. 83'. Vídeo. Subt. castelán.
Presentación. Entrada de balde.

outubro
30 18.00 horas
Buster Keaton
Sesión curtametrxes
(1920-1923)
86'. DCP. Subt. castelán.

20.30 horas
Buster Keaton
El cameraman (1928)
69'. 35 mm. Subt. castelán.

VENRES

setembro
19 18.00 e 20.30 h
Satyajit Ray
El cobarde (1965)
74'. DCP. Subt. galego.

setembro
26 18.00 e 20.30 h
Satyajit Ray
El héroe (1966)
120'. DCP. Subt. galego.

outubro
03 18.00 horas
Desencadres: Stan Brakhage
Sincerity (I,II e III) (1973-1978)
100'. 16 mm.

20.30 horas
Desencadres: Stan Brakhage
Sincerity (IV e V) (1980)
72'. 16 mm.

outubro
10 18.00 e 20.30 h
Buster Keaton
El rey de los cowboys
(1925) (+El rostro pálido)
88'. DCP. Subt. castelán.

outubro
17 18.00 e 20.30 h
Buster Keaton
El maquinista de la general (1926)
83'. DCP. Subt. castelán.

outubro
24 18.00 horas
Freakemacine
Festival Curtas (II)
VV.AA., 2013/2014. 90'. Vídeo. Entrada de balde.

20.30 horas
Freakemacine
Saló o los 120 días de Sodoma
Pier Paolo Pasolini, 1975. 116'. 35 mm. Subt. castelán.
Presentación de Alberto Ruiz de Samaniego. Entrada de balde.

outubro
31 18.00 horas
Fóra de serie
Norte, the End of History
Lav Díaz, 2013. 250'. Vídeo. Subt. castelán. Entrada de balde.

SÁBADO

setembro
20 18.00 horas
Fóra de serie
Diamantes negros
Miguel Alcantud, 2013. 100'. Vídeo. Presentación. Entrada de balde.

setembro
27 18.00 horas
CGAI Júnior/
Satyajit Ray
El dios elefante (1979)
112'. DCP. Subt. galego. A partir de 12 anos. Entrada de balde.

outubro
04 18.00 horas
Off Galicia
Pardao (Ana Dacal e Patricia Román, 2014)
Todas esas cosas que son eternas (Raquel Zas, 2014)
54'. Vídeo. Presentación. Entrada de balde.

outubro
11 18.00 horas
Off Galicia
Crispín
(Elsa García, Ruth Toledano e Nacho Vega, 2004)
Pettring
(Eloy Domínguez, 2013)
30'. Vídeo. Presentación. Entrada de balde.

outubro
18 18.00 horas
CGAI Júnior/
Buster Keaton
El héroe del río (1928) (+Pamplinas en el Polo Norte)
87'. DCP. Subt. castelán. Entrada de balde.

outubro
25 18.00 horas
Freakemacine
The Theatre Bizarre
VV.AA., 2011. 114'. Vídeo. Presentación. Subt. castelán. Entrada de balde.



CGAI CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
FILMOTECA DE GALICIA

Programación | 228 |
setembro
outubro | 2014 |

Información xeral
Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións. As sesións de capacidade limitada teñen reservado un número indeterminado de

butacas. As sesións sinaladas con signos de exclamación ! sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

Prezo da entrada
• Xeral: 1'20 €
• Carné Xove: 0'60 €
• Abono para 10 sesións: 9 €
• As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270
Fax: 881 881 271
E-mail: programacion.cgai@xunta.es

Subtitulado en galego
Subtitula'm S.L.

Información adicional
www.cgai.org

